

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/22.

O 1 de setembro 2021 publicouse a resolución conxunta das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o "Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022".

Os centros educativos cumplirán as medidas que se establecen no protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr o máximo posible o risco de contaxio pola covid-19.

No caso das ensinanzas de réxime especial, polas súas especificidades, deben adoptarse medidas complementarias correspondentes aos distintos ámbitos de referencia.

Por todo isto, é preciso ditar instrucións para o desenvolvemento no curso 2021/22 das ensinanzas de réxime especial da Comunidade Autónoma de Galicia e, de conformidade co exposto, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

1. Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

2. Planificación

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:

a) A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.

b) A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

c) O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

d) Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose ás modalidades de ensino presencial e, de ser o caso, non presencial.

e) As adaptacións necesarias que a docencia non presencial poida requirir.

f) A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.





3. Desenvolvemento da modalidade presencial

1. Coa finalidade de contribuír á mellora da organización académica derivada do covid-19 poderase deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática.

2. Durante o curso 2021/22 os centros, se as circunstancias así o requiren, poderán determinar que existan no horario das respectivas ensinanzas, franxes horarias que permitan que o alumnado sen asistir o centro educativo, poida realizar a formación de xeito telemático, cos seguintes límites:

- *Ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza:* ata un máximo do 20% dos tempos lectivos de cada curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos tempos lectivos cos que conte a materia. A estes efectos non se terán en conta os tempos lectivos correspondentes ás materias de música de conxunto.
- *Ensinanzas superiores de música:* ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina. A estes efectos non se terán en conta os créditos ECTS das prácticas curriculares, nin os das materias de música de conxunto no caso das ensinanzas superiores de música.
- *Ensinanzas superiores de arte dramática:* ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina.
- *Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:* ata un máximo dun 20% das horas lectivas de centro educativo de cada curso (en segundo non se terán en conta a Formación en estudios ou talleres), e simultaneamente ata un máximo do 50% da duración do módulo.





- *Ensinanzas superiores de deseño, e de conservación e restauración de bens culturais:* ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina. A estes efectos non se terán en conta os créditos ECTS das prácticas curriculares.
- *Ensinanzas deportivas:* ata un máximo dun 20% das horas lectivas de centro educativo de cada curso (non se terán en conta as do Bloque de formación práctica), e simultaneamente ata un máximo do 50% da duración do módulo.

3. Os límites máximos de formación por medios telemáticos poderan ampliar tendo en conta os posibles escenarios establecidos no punto oito do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22.

4. As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

5. As aulas virtuais facilitadas a todos os centros pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, serán a vía principal utilizada para a realización da docencia no suposto de educación a distancia.

4. Aspectos específicos das ensinanzas nos conservatorios

Debido ás características dos conservatorios, ademais de atender ao establecido no protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22 e ás presentes instrucións, estes centros educativos deberán adaptar a docencia nas seguintes materias e disciplinas:

a) Materias de música de conxunto: entre os instrumentistas de vento e cantantes deberá manterse unha distancia mínima de 3 metros. No caso dos demais instrumentistas deberá manterse unha distancia mínima de 1,5 metros. Nas disciplinas ou actividades que impliquen intervención de orquestra, banda de música, ou agrupacións similares, deberá igualmente manterse unha distancia mínima de 3 metros entre os instrumentistas de vento e de 1,5 metros entre os demais executantes. Ademais, o alumnado e profesorado que non canta ou toca un instrumento de vento empregará máscaras de protección. Deberá producirse unha





ventilación da aula frecuente e regular cada curtos períodos de tempo.

- b) Se as condicións arquitectónicas e organizativas dun conservatorio de música non permiten o desenvolvemento das clases das materias de música de conxunto segundo o indicado na alínea anterior, o centro educativo establecerá quendas para que o alumnado poida asistir presencialmente ás disciplinas correspondentes cumplindo a distancia mínima de seguridade indicada para as mesmas. Neste caso, cada centro educativo estipulará o modo no que se completará cada materia ou disciplina de xeito non presencial para o alumnado que, segundo as quendas, non asista ao centro educativo en determinadas sesións.
- c) Nas materias ou disciplinas de canto e instrumentos de vento, o alumnado e o profesorado deberá empregar máscaras de protección mentres non estea cantando ou tocando, e deberá manterse unha distancia de 3 metros. Así mesmo, os centros educativos poderán colocar biombos de separación nas aulas. No caso de colocálos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.
- d) Nas materias ou disciplinas de instrumentos de teclado: antes de comezar, cada alumno/a e profesor/a deberá realizar un lavado de mans durante 40 segundos como mínimo. Ademais, as teclas deberán ser desinfectadas antes e despois da execución de cada alumno/a e profesor/a. O alumnado e o profesorado empregarán máscaras de protección.
- e) Nas materias ou disciplinas referidas a práctica instrumental, non incluídas nas líneas c) e d) deberá manterse unha distancia de 1,5 metros. No caso de utilización conxunta de instrumentos deberá procederse de xeito análogo ás materias ou ás disciplinas de instrumentos de teclado. Así mesmo, os centros educativos poderán colocar biombos de separación nas aulas. No caso de colocálos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.
- f) Non obstante o establecido nos apartados anteriores, nas demais materias ou disciplinas poderá reducirse a distancia mínima ata 1,2 metros respecto de todos os postos medidos dende o centro da cadeira, sempre que o desenvolvemento da clase permita que o alumnado permaneza dentro da aula sentado nos postos escolares.
- g) Nos casos de acompañamento pianístico deberá existir a suficiente distancia de seguridade



entre o/a pianista e o/a outro/a instrumentista ou cantante: como mínimo 3 metros no caso de instrumentistas de vento e cantantes, e como mínimo 1,5 metros no caso dos demás instrumentistas. O alumnado e o profesorado deberá emplegar máscaras de protección mentres non estea cantando, ou tocando no caso dos instrumentos de vento.

Adicionalmente, poderanse colocar biombos de metacrilato para minimizar o risco de infección por partículas de saliva durante o acompañamento a cantantes. No caso de colocálos, estes biombos deberán ser correctamente desinfectados despois de cada sesión.

h) A limpeza de instrumentos de vento en ningún caso se levará a cabo na aula. Depositarase a auga producida pola condensación nestes instrumentos en recipientes para eliminar os refugallos.

i) Se resulta imprescindible emplegar instrumentos de préstamo, o instrumento deberá ser desinfectado e non será empregado durante as 72 horas anteriores ao seu último uso.

j) Nas ensinanzas de danza tamén será obligatorio o uso de máscara, porén ofreceranse tempos de descanso sen a máscara para osixenar o corpo durante a xornada no centro educativo, sempre baixo a supervisión dun/dunha profesor/a e mantendo, con carácter xeral, como mínimo 1,5 metros de seguridade ou encarados fronte a unha parede. Así mesmo, nas ensinanzas de danza poderase realizar traballo físico en contacto co chan nun espazo delimitado para cada alumno/a dentro da aula de danza, sempre mantendo a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros de seguridade e nun espazo previamente desinfectado. Non se poderán realizar as representacións escénicas sen máscara. Intensificaranse a ventilación no espazo onde ser realicen estas actividades.

k) Nas ensinanzas elementais e profesionais de danza atenderase ao establecido para as ensinanzas de música ao respecto do acompañamento pianístico ou de calquera outro instrumento musical.

5. Aspectos específicos das ensinanzas superiores de arte dramática

Debido ás características das ensinanzas superiores de arte dramática, ademais de atender ao establecido no protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22 e ás presentes instrucións, o uso da máscara será



obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersonal de 1,5 metros agás nos seguintes supostos:

- Adestramento físico cando se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.
- Disciplinas de carácter interpretativo que requiran retirar a máscara para a súa práctica. O alumnado e o profesorado deberá emplegar máscaras de protección mentres non estea interpretando, e deberá manterse sempre unha distancia de 3 metros cando o alumnado e/ou o profesor/a estean sen máscara.
- Disciplinas nas que o desenvolvemento da clase permita que o alumnado permaneza dentro da aula sentado nos postos escolares, poderá reducirse a distancia mínima ata 1,2 metros respecto de todos os postos medidos dende o centro da cadeira.

Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional